

Memoria das actividades do

IMELGA

Instituto de Medicina Legal de Galicia - 2025



PRESENTACIÓN e DATOS XERAIS	3
SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE	5
Pericia médica xudicial	6
Proxecto Xustiza Amable	10
Valoración psicosocial	12
Violencia sobre a muller	14
SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE	19
Distribución de mortes investigadas segundo a etioloxía	20
Mortes naturais	21
Mortes violentas	23
Mortes por accidente de tráfico	25
Morte suicida	27
OUTRAS ACTUACIÓNS PERICIAIS	29
Asistencia a Fiscalías	29
Asistencia a xuízo oral	30
Actividades de garda	30
DIXITALIZACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS	31
COLABORACIÓNS INTERINSTITUCIONAIS	32
ACTIVIDADE DOCENTE E DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA	33



Presentación e datos xerais

No ano 2025 os obxectivos a cumprir foron aproximar a xustiza aos cidadáns, impulsar a dixitalización e achegar a nosa institución, o IMELGA, e os profesionais que forman parte dela, aos avances sociais e tecnolóxicos dos tempos actuais.

Desenvolvemos actuacións para mellorar o acceso á actividade pericial das vítimas especialmente vulnerables, como nenos, nenas e adolescentes e persoas con discapacidade a través do **Proxecto Xustiza Amable**.

Tamén amosamos a nosa actividade a través de internet co lanzamento da páxina **www.imelga.xustiza.gal** e con actividades de divulgación social e colaboracións institucionais, ás que contribuímos desde o noso coñecemento da violencia de xénero, da violencia contra a infancia e contra a adolescencia e do suicidio. Un exemplo foi a nosa **intervención na comisión de sanidade do Senado**.

Para conseguir estes propósitos temos que adoptar as modificacións e adaptacións necesarias. Iniciamos deste xeito o **trámite da modificación do Decreto do Imelga** para adaptalo ao RD 144/2023 do novo regulamento dos Institutos de Medicina Legal.

O desenvolvemento do noso ecosistema dixital permite adaptar o noso traballo aos tempos actuais e mellorar a nosa eficiencia achegando tempo de calidade aos peritos, coa **habilitación do acceso ao Visor EXE** do expediente xudicial aos médicos forenses, psicólogos e traballadores sociais, así como o acceso aos subdirectores de ferramentas de xestión de persoal internas como o **MORFEO**.

O noso Instituto **reforzou este ano** as funcións relacionadas coa **docencia, coa investigación e coa colaboración con outras institucións públicas** e desenvolveu **estratexias de dixitalización e innovación** coa finalidade de mellorar a execución de procesos no ámbito xudicial e favorecer o achegamento da xustiza aos particulares.

No ano 2025, recibimos un total de **34.089** solicitudes, e emitimos **28.099** informes definitivos. Estas cifras sinalan que a actividade permaneceu estable respecto ao ano anterior cunha resolución dentro do ano do **82,42 %** dos casos.

Seguimos mantendo o nivel de pendencia dos últimos anos no **20%**, tendo en conta que o nivel de solicitudes sempre será superior ao dos informes definitivos, por canto algúns deles refírense a ampliación de periciais xa resoltas previamente.

Dentro da actividade do noso instituto, a **pericia médica** segue a ter o maior peso.

A pericia médico forense representa preto de **nove de cada dez demandas**, distribuída do seguinte xeito: un **82 %** de clínica médico forense xudicial, un **10 %** de patoloxía forense e un **5 %** de pericia extraxudicial.

A pericia psicosocial, pola súa parte, supón o restante **3 %**.



Respecto á **pericial do Servizo de Patoloxía**, houbo **3.620** solicitudes ao longo do ano 2025, das cales **2.403** corresponden a práctica de autopsias ou recoñecementos de cadáver no contexto da investigación da morte xudicial. Estes **datos teñen gran interese para outras entidades públicas coas que colaboramos na prevención, protección e mellora da saúde dos cidadáns do noso territorio.**

A distribución da actividade xeral amósase en cifras nesta táboa, **segundo ámbito pericial:**

	SERVIZO CLÍNICA			SERVIZO PATOLOXÍA	TOTAIS
	PERICIA CLÍNICA MÉDICA	PERICIA PSICOSOCIAL	PERICIA EXTRAXUDICIAL		
SOLICITUDES RECIBIDAS	27.780	958	1.731	3.620	34.089
INFORMES EMITIDOS	22.831	474	1.171	3.623	28.099


Actividade total por subdirección:

Os datos amosan a estabilidade nas solicitudes por subdirección. Só rexistra un notable incremento a subdirección da Coruña, cun **6 %** de incremento interanual.

O incremento de traballo na **subdirección de Santiago** supón unha **modificación significativa da distribución da carga de traballo no noso Instituto.**

As subdireccións de Ourense e Santiago foron as máis eficientes grazas ás medidas de reforzo levadas a cabo e ás decisións na redistribución das cargas de traballo.

No seguinte gráfico amósase o balance da carga de traballo e a eficiencia na resposta das subdireccións do Imelga ao longo do 2025.




Servizo de Clínica forense

O **Servizo de Clínica Forense** abarca todas as pericias médicas, xudiciais e extraxudiciais e as dos equipos psicosociais que son demandadas por xuíces, tribunais e fiscalías.

Datos globais do servizo:

No seguinte cadro pode verse a distribución da **actividade do Servizo de Clínica Forense por subdirección no ano 2025**:



Pericias extraxudiciais:

A **actividade** neste campo supón un **5 %** do total da actividade do Imelga, e distribúese deste xeito: solicitáronse **1.731** pericias extraxudiciais e emitíronse **1.171** informes definitivos. Isto supón unha taxa de resolución dun **67,6 %**.

Periciais xudiciais de clínica forense:

Comprenden as periciais médicas e psicosociais solicitadas polos órganos xudiciais.

Recibimos **28.773 solicitudes** e emitíronse **23.305 informes definitivos** polos médicos forenses, psicólogos e traballadores sociais do Imelga.



No seguinte cadro amósase a distribución da **actividade do servizo de clínica** por tipo de pericia durante o ano **2025**:

PERICIA CLÍNICA XUDICIAL 2025			
TIPO DE PERICIA	SOLICITUDES RECIBIDAS	INFORMES EMITIDOS	INCOMPARECENCIAS
Agresión sexual	475	303	4
Determinación de idade	15	13	0
Histopatoloxía forense	0	2	0
Interconsulta IANUS	2	6	0
Interconsulta de dano corporal	87	72	14
Interconsulta psicolóxica	21	14	0
Interconsulta social	1	1	0
Neglixencias médicas	68	53	4
Outros	570	294	16
Probas preconstituídas	305	0	6
Recollida de mostras	282	154	33
Valoración de capacidade psicofísica	623	379	123
Valoración de dano corporal	9.713	8.447	1.314
Valoración de violencia de xénero	827	361	58
Valoración psicolóxica	427	268	24
Valoración psicosocial	690	474	112
Valoración psiquiátrica	14.232	12.167	1.454
Valoración social	175	119	7
Valoración xulgado do social	260	178	17
TOTAL	28.773	23.305	3.186

O balance supón a **resolución do 81 %** das solicitudes recibidas dentro do ano.

Como nos anos anteriores, o ámbito da **psiquiatría forense** continúa a ser o que máis actividade rexistra co **50 %** das solicitudes e **52 %** dos informes definitivos.

Pericia médica xudicial

A pericia médica segue a ser a principal ocupación no seo do Imelga, con dúas áreas principais, a **valoración de dano corporal**, é dicir, a avaliación de lesións; e a **psiquiatría forense**, xunto con algúns **campos específicos**, coma a **valoración da praxe profesional médica** ou a **determinación de idade**.




A pericia médica xudicial, cun total de **27.176** pericias solicitadas, representa o **84 %** da demanda pericial xudicial total. Destas solicitudes un **82,6 %**, foron resoltas no ano seguindo a tendencia xeral anual.

A distribución do traballo de **pericia médica xudicial** amósase no seguinte cadro:

2025: PERICIA CLÍNICA MÉDICA XUDICIAL			
TIPO DE PERICIA	SOLICITUDES	INFORMES DEFINITIVOS	INCOMPARECENCIAS
Agresión sexual	475	303	4
Determinación de idade	15	13	0
Interconsulta IANUS	2	6	0
Interconsulta de dano corporal	87	72	14
Interconsulta psicolóxica	21	14	0
Interconsulta social	1	1	0
Neglixencias médicas	68	53	4
Outros	570	294	16
Recollida de mostras	282	154	33
Valoración de capacidade psicofísica	623	379	123
Valoración de dano corporal	9.713	8.447	1.314
Valoración de violencia de xénero	827	361	58
Valoración psiquiátrica	14.232	12.167	1.454
Valoración xulgado do social	260	178	17
TOTAL	27.176	22.442	3.037

Distribución da demanda de pericia médica por subdireccións:



Neste ámbito a demanda diminuíu un **3,4%** respecto ao ano anterior, excepto na subdirección da Coruña, a única que incrementou o número de solicitudes nun **10,5%**.



Valoración de dano corporal:

No campo da valoración do dano corporal solicitáronse **9.713** pericias, o que representa o **35,7 %** da pericia médica. As solicitudes deste tipo de pericia **amentaron un 7,3 % respecto do ano anterior**. Emitíronse **8.447 informes definitivos**, cun **87 %** de taxa de resolución.


A distribución por tipo de pericia amósase neste cadro:

IMELGA 2025 DANO CORPORAL Distribución por tipo pericia	SOLICITUDES	INFORMES DEFINITIVOS	INCOMPARECENCIAS
Valoración de dano corporal	9.713	8.447	1.314
Accidente laboral	171	120	23
Agresión a Forzas e Corpos de Seguridade do Estado	579	502	30
Agresión en detidos	48	36	4
Agresión ordinaria	6.537	5.955	964
Agresión violencia intrafamiliar	452	346	46
Agresión violencia sobre a muller	1.154	904	93
Lesión fortuita	77	67	13
Lesión tráfico	692	517	141
Sen especificar	3	0	0
Total	9.713	8.447	1.314

A pericia máis solicitada foi a relacionada coa **agresión ordinaria**.


Como nos últimos anos, presenta unha distribución predominante no territorio das **subdireccións de Vigo e A Coruña**, sendo esta última a que lidera a resolución deste tipo de pericias no Imelga.

A distribución da emisión de informes definitivos por subdirección amósase na gráfica da dereita:



Psiquiatría forense:

Como en anos anteriores, a metade das solicitudes do servizo de clínica están relacionadas co campo da psiquiatría forense, un total de **14.232** pericias. A cantidade de solicitudes é semellante á do ano 2024, así como a súa distribución segundo tipo de pericia como amosa este gráfico:



As pericias máis demandadas seguen a ser por esta orde: **46,7 %** internamentos involuntarios, **28,7 %** medidas de apoio e, a moita distancia co **12,6 %**, a imputabilidade.

Cabe sinalar que a prestación do servizo no ámbito da psiquiatría forense coas limitacións temporais legislativas na **resolución dos internamentos involuntarios** supón **un desafío na adecuación do traballo do persoal médico forense** e, sen embargo, temos unha **taxa de resolución** do **92,8 %**.

No mesmo senso, temos un **86 % de taxa de resolución** dos casos de medidas de apoio.



A distribución deste tipo de solicitudes por subdirección, exposto no seguinte cadro, amosa a elevada carga de traballo:

TIPO DE PERICIA	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	TOTAIS
Internamentos hospitalarios involuntarios	393	191	340	330	366	850	878	3.348
Internamentos residenciais involuntarios	191	35	648	940	296	604	584	3.298
Medidas de apoio	566	181	836	952	319	677	555	4.086
TOTAIS	1.150	407	1.824	2.222	981	2.131	2.017	10.732

Estas solicitudes son lideradas pola subdirección de Ourense, como en anos anteriores, debido a maior taxa de prazas residenciais neses territorios, ademais de ter a poboación máis envellecida da nosa comunidade autónoma.

As solicitudes nesta área estabilizáronse en relación ao ano anterior. As medidas de reforzo do persoal médico forense nas subdireccións con máis carga de traballo neste campo **situaron a taxa de resolución do 90,2 % dos casos ao finalizar o ano 2025**.

Os datos relacionados coas periciais de agresión sexual analízanse no capítulo dedicado á violencia sobre a muller.

Proxecto Xustiza Amable

Continuamos o desenvolvemento deste proxecto para mellorar a asistencia ás vítimas menores e persoas necesitadas de medidas de apoio no ámbito da xustiza.

Convertemos en salas Amables as salas Gesell situadas nas sedes das subdireccións de Lugo, Pontevedra e Ourense, quedando pendente a finalización da adecuación de medios dixitais da sala da subdirección de Vigo.



Salas Amables das subdireccións de Ourense e de Pontevedra tras as medidas de mellora.



Colaboramos neste proxecto coa **Fundación Andrea**, destinada a mellorar os circuítos de acceso e os espazos amables para facilitar o contacto coa xustiza dos nenos, das nenas e dos adolescentes, así como das persoas con discapacidade vítimas de violencia que ten que ser valoradas polos nosos profesionais.

A sinalización dos puntos de encontro e circuítos amables ten a finalidade de diminuír o tránsito polos edificios xudiciais destas persoas e axustar as súas necesidades e idade.



Imaxe da rotulación tras as medidas de mellora.

O contacto e os tempos de espera nas instalacións xudiciais tamén requiren elementos de decoración e mobiliario específico. Iniciamos o proxecto nas subdireccións de Santiago e Pontevedra ao longo do ano 2025. Temos como obxectivo levalo a cabo no resto de instalacións das subdireccións.



Imaxe da sala de espera da subdirección de Santiago e Pontevedra tras as medidas de mellora coa colaboración da Fundación Andrea.

Por outra banda e coa colaboración da **Consellería de Cultura**, tamén a través da Fundación Andrea, publicáronse tres libros axeitados á idade, á lingua e á casuística xudicial, para telos dispoñibles nestes espazos das nosas subdireccións e axudar a explicarlle a estas persoas a situación na que se encontran.





Publicacións editadas en colaboración coa Consellería de Cultura e Fundación Andrea.

Desde o Imelga aproveitamos este espazo para agradecer á **Fundación Andrea** esta magnífica colaboración que está a ter un impacto tan positivo nas nosas vítimas máis vulnerables e que axuda tanto á nosa institución, como aos profesionais da xustiza a prestarlles un servizo máis amable, amosando o noso interese polo avance, a innovación e o achegamento a cidadanía do noso traballo coa posta a súa disposición da maior cantidade de recursos dispoñibles.

As melloras neste ámbito reflíctense tamén na **participación do noso persoal especializado en actividades divulgativas interdisciplinares** como o IV Foro Xuntos Fronte aos Abusos, celebrado en Santiago de Compostela o 7 de abril de 2025, ou a colaboración activa durante todo o ano no **grupo de traballo de Violencia na Infancia e na Adolescencia do Sergas**.

Valoración psicosocial

Os **datos xerais da actividade dos equipos psicosociais** do ano 2025 son os seguintes:

PERICIA PSICOSOCIAL			
TIPO DE PERICIA	SOLICITUDES RECIBIDAS	INFORMES DEFINITIVOS	INCOMPARECENCIAS
Interconsulta psicolóxica	21	14	0
Interconsulta social	1	1	0
Probas preconstituídas	305	299	6
Valoración psicolóxica	427	268	24
Valoración psicosocial	690	474	112
Valoración social	175	119	7
TOTAL	1.619	1.175	149



As solicitudes deste tipo de pericia **diminuíron un 43 %**, o que levou a rexistrar unha taxa de resolución anual do **72,6 %**.

A actividade destes profesionais está centrada fundamentalmente na pericia psicosocial nos casos de controversias de familia, que supón o **42,6 %** do total de solicitudes recibidas.

Distribución da demanda de pericia psicosocial por tipo e subdirección 2025:

SUBDIRECCIÓN	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Totais
Interconsulta psicolóxica	0	0	13	5	0	3	0	21
Interconsulta social	0	0	0	1	0	0	0	1
Probas preconstituídas	59	26	65	30	36	43	46	305
Valoración psicolóxica	54	19	103	55	58	90	48	427
Valoración psicosocial	139	47	63	109	99	122	111	690
Valoración social	0	0	1	8	33	126	7	175
TOTAIS	252	92	245	208	226	384	212	1.619


A **valoración psicosocial** concéntrase nas **subdireccións da Coruña e de Santiago**.

A realización das **probos preconstituídas** vai medrando progresivamente (chegou a **305**), mantendo a adecuación do servizo ao incremento iniciado no ano 2024 grazas ás **medidas de colaboración cos órganos xudiciais na xestión das citacións**.

A **subdirección de Santiago continúa a ter a maior carga de traballo neste ámbito no Imelga**, con **384** solicitudes. Cun **23,7 %**, case unha cuarta parte da demanda total.

Nesta mesma área xeográfica tamén se concentra o **72 % das solicitudes de pericia social**, cunha diferenza substancial na carga de traballo que se lle solicitou desde os órganos xudiciais aos profesionais desta subdirección respecto ao resto.

A eficiencia da resolución dos casos por subdirección amosa tamén a adecuación da resposta da subdirección de Santiago no ano 2025, que mantén as taxas do ano 2024.



Violencia sobre a muller

A nosa actividade no ámbito da violencia sobre a muller céntrase na **asistencia ás vítimas de violencia sexual, 24/7 como actividade de garda, a valoración da violencia física no contexto da valoración de dano corporal, a valoración integral da violencia de xénero**, realizada polas unidades de valoración forense integral (en adiante UVFIs).

No mes de decembro celebrouse a II Reunión das UVFIs do Imelga.

Os seus grupos de traballo desenvolveron durante o ano 2025 o deseño da metodoloxía de traballo e un fluxograma unificado, o modelo de informe a desenvolver no aplicativo SIMELGA e a revisión das estratexias de mellora establecidas no ano anterior.

Outro **labor importante asociado a pericial neste ámbito é a divulgación, sensibilización e formación doutros profesionais**, compartindo os seus coñecementos tanto con carácter técnico como científico. Os membros destas unidades participaron nas seguintes actividades ao longo do 2025:

1. Legalidade e realidade-IV Xornadas da Muller (Mos 2-3 de abril).
2. Xornadas de atención ás vítimas de trata e/ou explotación sexual desde a detección ao fin do procedemento xudicial - A vítima no centro- (A Coruña 16-17 de outubro).
3. Colaboración co Sergas a través de ACIS coa formación '*Actuación ante unha agresión sexual nos servizos de urxencias*', impartida nas áreas sanitarias ao longo do ano pola Coordinadora das Unidades: Ourense (24/04/25), Lugo (28/04/25), A Coruña (19/05/25), Pontevedra (20/05/25) e Ferrol (21/05/25).

En consonancia con esta actividade de formación, grazas a colaboración interinstitucional, o Sergas unificou os medios da toma de mostras con interese xudicial utilizando os mesmos kits e documento de custodia ca nós, mellorando a protección destas vítimas nos procedementos xudiciais.

O **resumo da actividade pericial** dos asuntos coa marca de violencia sobre a muller rexistrados no noso sistema se presenta neste cadro:


VIOLENCIA SOBRE A MULLER 2025:								
Distribución por subdirección e tipo de valoración								
PERICIA	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Totais
Agresión sexual	90	18	58	71	71	65	102	475
Probas preconstituídas	14	7	17	8	4	14	8	72
Valoración integral de violencia de xénero	186	7	92	66	105	126	78	660
Dano psicolóxico	0	4	5	5	2	14	0	30
Dano psicosocial	46	5	15	12	0	7	41	126
Valoración psiquiátrica	29	2	13	1	2	3	17	67
Total xeral	365	43	200	163	184	229	246	1.430



A maior cantidade de solicitudes recibidas rexístranse no ámbito da **valoración integral de violencia de xénero**, **duplicando as do ano anterior**, e é a **subdirección da Coruña**, que recibiu a cuarta parte das solicitudes, a que máis carga de traballo presenta neste ámbito.

Os casos denunciados concéntranse nas grandes cidades e son **os partidos xudiciais da Coruña e o de Vigo os que rexistran unha maior demanda**. Hai que sinalar que só se mostran os casos que chegaron ao xulgado e nos que se solicitou a nosa intervención.

Coa finalidade de aportar valor aos datos, aplicamos a **xeorreferenciación** para a obtención dun **mapa da distribución das solicitudes de valoración de violencia de xénero por partidos xudiciais e subdireccións**:



A distribución permite coñecer as áreas de maior cantidade de denuncias por violencia de xénero que precisan valoración polo noso persoal.



Estudo especial dos casos de violencia de xénero con histórico do Imelga

Cos datos recollidos no 2025, fixemos un estudo para identificar aqueles casos nos que tiñamos rexistrados antecedentes previos de intervención médico legal no noso sistema, sobre as **2.458** solicitudes de pericia diferenciadas no noso sistema coa marca “violencia sobre a muller”.

Os resultados obtidos amósanse a continuación.

Participamos nos **1.599** procedementos xudiciais destas solicitudes, incluídas as agresións físicas desglosadas no apartado de valoración de dano corporal.

Tras valorar **2.410 persoas** implicadas nestes procedementos, identificamos, entre vítimas e agresores **1.602 mulleres e 545 homes**, dos que **132 eran menores de idade** (32 deles homes e 100 mulleres). Emitíronse **1.525 informes definitivos**.

Destas persoas, **353** tiñan histórico coa marca “violencia sobre a muller” rexistrado no noso sistema. Delas, **284 eran mulleres e 67 homes**.

A **distribución por sexos** da cantidade de asuntos previos rexistrados con intervención pericial amósase na táboa de datos de abaixo:

Nº mulleres	Asuntos previos	Nº homes
214	2	58
39	3	6
28	4	2
2	5	0

Na **distribución por idade**, a maior incidencia sitúase entre os 40 e os 50 anos, sendo **as menores de 20 anos un 6%** do total dos casos.

Consideramos que unha vez identificados estes casos, ampliar o estudo de indicadores nos próximos anos podería ser útil na toma de decisións periciais e xudiciais e tamén na avaliación das estratexias de prevención neste ámbito.



Violencia sexual

Obsérvase un descenso do **12,5 %** da asistencia aos casos de agresión sexual respecto ao ano anterior. A **subdirección de Vigo** continúa concentrando a maior cantidade de casos; coa asistencia a **102 vítimas**, recibe o **21 %** dos casos de **violencia sexual**. Sen embargo, presenta unha caída dun **40 %** da demanda respecto ao ano anterior.

CASOS AGRESIÓN SEXUAL 2025: distribución por subdirección	
SUBDIRECCIÓN	CASOS ATENDIDOS
A Coruña	90
Ferrol	18
Lugo	58
Ourense	71
Pontevedra	71
Santiago de Compostela	65
Vigo	102
Total xeral	475

A distribución por idade mantén a tendencia dunha **maior incidencia ata os 30 anos**.


CASOS AGRESIÓN SEXUAL 2025: Distribución por sexo e idade			
IDADE	SEXO		
	Muller 255	Homes 24	Sen especificar 120
Sen especificar	39	2	57
0-17	65	6	18
18-30	87	8	35
31-40	23	5	4
41-50	22	2	3
51-60	14	1	2
61-70	2		1
>71	3		

De todos eses casos, solicitáronse análises complementarias. En **80** delas, tomáronse mostras de ADN para cotexo cos perfís dos sospeitosos.

Ao longo do 2025, **22 foron transformados en sumario**, precisando a intervención de dous médicos forenses.



Aplicando a **xeorreferenciación** dos nosos datos podemos aportar un **mapa da distribución da violencia sexual segundo os partidos xudiciais de orixe dos feitos**:



Servizo de Patoloxía Forense

Ao **Servizo de Patoloxía Forense** correspóndelle a actividade relacionada coa investigación médico-legal en todos os casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade. Tamén atende as peticións do Rexistro Civil en relación coa supervisión de certificados de defunción.

Como **datos globais do servizo**, no ano 2025 investigáronse **1.982** mortes, **908** violentas e **951** naturais. En relación con estas mortes **emitíronse 1.513 informes de levantamento de cadáver**, **6** deles **de restos óseos**.

Practicáronse **1.442 autopsias**, **508 recoñecementos de cadáver**, intervimos en **24 casos de doazón de órganos** de mortos xudiciais e realizáronse **6 análises de antropoloxía forense** sobre restos óseos.

Para documentar as investigacións de todas estas mortes, **emitíronse un total de 3.600 informes**, entre definitivos e complementarios.

Para amosar a **distribución do tipo de mortes investigadas en Galicia segundo tipo de morte e subdirección**, temos a seguinte táboa:

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	SUBDIRECCIÓN							TOTAIS
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	
Accidente	129	26	102	65	70	104	98	594
Homicidio	4	0	0	1	1	0	5	11
Suicidio	65	24	37	48	35	50	44	303
Morte natural	226	45	156	100	109	134	181	951
Indeterminada	3	2	3	7	3	4	6	28
Pendente investigación	15	9	6	16	13	16	20	95
Totais	442	106	304	237	231	308	354	1.982

As mortes pendentes de investigación son aquelas das que, no momento da publicación deste documento, non se recibiron os resultados destas análises.

Neste 2025, recupérase a tendencia do **aumento da investigación das mortes naturais**, o **48 %** da nosa actividade, respecto as **mortes violentas**, que son o **46 %**.

Para a investigación destas mortes é necesario o en moitas ocasións a práctica de **análises** complementarias. No 2025 solicitáronse **2.314: 2.039** realizáronse no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (INTyCCFF) e **275** no Laboratorio de Ciencias Forenses Luis Concheiro (INCIFOR) da Universidade de Santiago de Compostela.



A distribución das análises solicitadas por subdirección amósase nesta táboa:

IMELGA 2025: SERVIZO DE PATOLOXÍA-ANÁLISES COMPLEMENTARIOS								
ANÁLISES SOLICITADAS	SUBDIRECCIÓN							
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Laboratorio INTyCCFF	642	15	5	268	372	84	653	2.039
Laboratorio INCIFOR	15	9	118	0	55	78	0	275
Total	657	24	123	268	427	162	653	2.314


Distribución xeral segundo as causas de morte:

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE - ANO 2025						
Nº TOTAL MORTES INVESTIGADAS NATUREZA/ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL/CAUSA DE MORTE						
Nº MORTES INVESTIGADAS:				1.982		
MORTE VIOLENTA				908		
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	11	SUICIDA	303	ACCIDENTAL	594
CAUSA DA MORTE	Accidente de tráfico					112
	Aforcamento					143
	Asfixia accidental					68
	Caídas					131
	Indeterminada					5
	Intoxicacións					80
	Lesións eléctricas					2
	Lesións por arma branca					13
	Lesións por arma de fogo					13
	Lesións térmicas					14
	Outros traumatismos					170
	Precipitación					61
	Reacción adversa a drogas					71
	Submersión					51
MORTE NATURAL						951
CAUSA DA MORTE	Mortes súbitas adultos					14
	Patoloxía cardiovascular					751
	Patoloxía dixestiva					49
	Patoloxía endócrino-metabólica					12
	Patoloxía infecciosa					9
	Patoloxía neonatal-morte súbita					2
	Patoloxía neurolóxica					11
	Patoloxía oncolóxica					21
	Patoloxía respiratoria					70
	Patoloxía xenital ou urinaria					7
	Sen especificar					5



Mortes naturais

No seguinte cadro podemos atopar a distribución dos casos investigados por subdirección:



No ano 2025 a investigación da causa deste tipo de mortes amosa resultados dos **tipos de patoloxías que as producen** semellantes aos dos anos anteriores:


A **patoloxía máis salientable segue a ser a cardiovascular, 751 mortes**, é dicir, representa un **75,7 %** dos casos. Este dato ten correlación coa causa de morte natural certificada máis frecuente na poboación xeral.

Estes datos indican que a pesar do traballo levado a cabo cos servizos asistenciais do Servizo Público de Saúde de Galicia, continúan xudicializándose mortes naturais que se presentan de forma rápida e inesperada en doentes con antecedentes patolóxicos coñecidos ou anciáns, aínda que non existan datos de sospeita de criminalidade, coa premisa de que o estudo das **mortes súbitas** corresponde a medicina forense.

Sen embargo, **estes casos só se poden considerar mortes sospeitosas susceptibles de investigación xudicial**, cando compren coa **definición médico legal**: persoas menores de 60-65 anos, sen antecedentes patolóxicos que xustifiquen tal acontecemento mortal e cunha evolución desde o inicio dos síntomas ata o seu falecemento en menos de 24 h.



Do análise dos datos das mortes investigadas no 2025, indican que **951** foron consideradas **mortes naturais**. Trala investigación médico legal, só **18** foron considerados **mortes súbitas**, **16** no rango de idade entre os **22 e os 65 anos**, e **2** delas **en lactantes**.



Da análise máis pormenorizada do resto dos casos, é dicir **933**, dedúcese que **520** persoas eran **maiores de 65 anos** e, delas, **38** eran **maiores de 90 anos** sen indicios de violencia.

Todos eles presentaban patoloxías xa diagnosticadas e tratadas, coñecidas polos servizos asistenciais, recollidas nas historias clínicas, susceptibles de certificación.

Entre estas patoloxías encóntranse patoloxías crónicas e graves, **doentes oncolóxicos**, **EPOC (enfermidade pulmonar obstrutiva crónica)**, **hepatopatías alcohólicas**, **diabetes mellitus tipo 1**, **insuficiencia renal crónica**, **epilepsias** e mesmo casos de **demencias**.

Consideramos que facer pasar por un procedemento xudicial a estas familias está a contradicir os parámetros do código ético e deontolóxico da profesión médica.




Mortes violentas

Investigáronse **908** mortes violentas: **11** de etiología homicida, **303** suicida e **594** de etiología accidental.

O resto trátase de mortes pendentes de investigación, **95**, e **28** delas consideráronse indeterminadas.

Como nos últimos anos, **a provincia da Coruña**, cun total **198**, é a que maior número de morte violentas investiga, mentres que a de Ourense, con **100**, é a que menos.

A distribución sobre o total de mortes violentas investigadas en todo o territorio durante o ano 2025 pódese ver no seguinte cadro:



Tanto no total coma en cada subdirección, **o grupo máis importante de mortes violentas foi o das accidentais, 594**. Nesta etiología inclúense as mortes por accidentes de tráfico, os accidentes laborais e os fortuítos.


Segue en importancia **o suicidio**, que mantén **as cifras respecto aos anos anteriores, con 303 casos**.

E finalmente, a morte homicida diminuíu notablemente respecto ao ano anterior, con **11** casos. Como en anos anteriores, **a maior cantidade de casos rexístrase na subdirección de Vigo**.

A distribución das **vítimas de homicidio por sexo** correspóndese con **7 mulleres e 4 homes**. A causa **máis frecuente é o uso de arma branca**.



Distribución de mortes violentas por causa específicas:



A distribución **das causas de morte accidental amósase** neste cadro:

CAUSAS DE MORTE ACCIDENTAL no IMELGA 2025	
Accidente de tráfico	112
Asfixia accidental	68
Caídas	131
Intoxicacións	50
Lesións eléctricas	2
Lesións por arma de fogo	1
Lesións térmicas	12
Outros Traumatismos	130
Precipitación	6
Reacción adversa a drogas	1
Submersión	29

Polo que atinxe ao mecanismo da morte violenta de carácter accidental (594), o máis frecuente é a **morte por caídas**, nun **22 %** dos casos, **reducindo en 3 puntos os casos comparados co ano 2024**.



Un caso especial é o das asfixias mecánicas accidentais, xa que o seu estudo delas pode axudar a establecer mecanismos para previlas, como nos **29** casos de submersión e os **68** casos de asfixias por outras causas, entre os que se encontran os **52** casos de **obstrucións das vías respiratorias por alimentos**.

A morte accidental aumentou lixeiramente con respecto ao ano 2024, con **594** casos. Sen embargo, aínda é un número inferior aos **624** casos do 2023.


Das **29** mortes accidentais por **submersión**, **19** delas producíronse no intervalo temporal no que estivo en vigor o **Plan SAPRAGA da Xunta**, no que participamos activamente para previr este tipo de mortes. O resultado indica que a incidencia aumenta nos **homes**, **entre os 61 e os 80 anos**, nas **horas centrais do día** e **a metade deles encóntranse baixo os efectos de tóxicos**, principalmente alcohol e/ou psicofármacos.

A distribución destas mortes nas tres provincias con costa é case a mesma. A actuación dos servizos de salvamento e dos servizos de emerxencias permitiu a supervivencia de dous das vítimas durante un tempo, aínda que finalmente faleceron. **Unha delas converteuse en doante de órganos**.

Mortes por accidente de tráfico

Do total de mortes violentas, **112** foron provocadas por accidentes de tráfico, o que supón o **12,3 %** das mortes violentas, mantendo a porcentaxe do ano anterior.


A continuación amosamos a distribución do sexo e a idade das vítimas neste gráfico:



Respecto á **distribución territorial** aplicamos a **xeorreferenciación** aos nosos datos para identificar así dunha visual os *hot spot* ou zonas onde máis frecuentes son este tipo de mortes violentas, distribuíndoos por partidos xudiciais.

Consideramos que a aplicación desta tecnoloxía pode ser útil para un estudo máis pormenorizado si se aplica aos datos do lugar concreto de produción dos feitos.

Mapa da distribución xeográfica dos accidentes de tráfico en Galicia por partido xudicial e subdirección no ano 2025:



Morte suicida

A análise deste tipo de morte ten importantes repercusións epidemiolóxicas pola capacidade que teñen os nosos datos para proporcionar información relevante e significativa. Continuamos o desenvolvemento **do Programa de prevención e postvención das condutas suicidas en Galicia**, e tamén podemos intervir na **protección da saúde mental en colaboración co Servizo Público de Saúde da comunidade**.


Esta colaboración adopta un marco institucional no **Consello Interdepartamental de Coordinación para a Prevención e Atención das Condutas Suicidas**, a través do decreto 21/2019 do 14 de febreiro. Unha das vogalías do Consello correspóndelle ao Imelga.

Este programa presentouse ante **a comisión de sanidade do Senado do Goberno de España o 8 de maio do 2025**.

Datos das mortes suicidas

Investigáronse **303** mortes suicidas, o que supón o **33 %** das mortes violentas e un **15 %** de todas as mortes investigadas. A causa máis frecuente continúa a ser o **aforcamento** con **143** casos, lonxe das **52 precipitacións**, **32 intoxicacións** e **14 submersións**.

A distribución **por sexo** mantense nun **74 % de homes** e nun **26% de mulleres**. A distribución por idade amósase neste gráfico:




Non temos casos en menores de 10 anos. Só identificamos **6 casos menores de 18 anos**, sendo o de 13 anos o máis novo dos rexistrados.

A maior incidencia dos suicidios segue rexistrándose na poboación adulta **maior de 50 anos**, cunha maior relevancia **entre as persoas entre os 51 e os 60 anos**.

Tivemos **11** casos por encima dos 90 anos.

No mesmo senso que nas mortes por accidente de tráfico, amosamos os datos da distribución xeográfica na comunidade aplicando tecnoloxía de xeolocalización, para deste modo ofrecer unha visión da distribución segundo as áreas xeográficas, tendo en conta a distribución **segundo partidos xudiciais das nosas subdireccións:**



Outras actuacións periciais

Asistencia pericial ás Fiscalías

Recibimos un total de **1.738** solicitudes das fiscalías, **1.231** das fiscalías de área e **507** das fiscalías de menores, que se resumen no seguinte cadro por tipo de pericia e subdirección:

SUBPERICIA	SUBDIRECCIÓN							TOTALS
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	
Fiscalías de Área	255	90	207	191	140	205	143	1.231
Determinación de idade	0	0	0	0	9	0	2	11
Agresión sexual	0	0	0	0	0	1	0	1
Valoración da capacidade psicofísica	0	60	0	0	1	2	20	83
Valoración de dano corporal	0	0	0	0	1	3	1	4
Valoración de violencia de xénero	0	0	0	0	3	0	0	3
Valoración psicosocial	0	0	0	1	0	0	0	1
Valoración psiquiátrica	254	30	198	189	105	196	120	1.087
Valoración social	0	0	0	0	21	0	0	21
Outros	1	0	9	1	0	2	0	12
Neglixencias	0	0	0	0	0	1	0	1
Fiscalías de Menores	100	23	66	57	104	47	110	507
Agresión sexual	1	0	2	4	1	0	2	10
Valoración de dano corporal	84	20	49	35	90	38	79	395
Probas preconstituídas	0	1	3	0	2	2	0	9
Valoración de violencia de xénero	0	0	0	0	0	3	6	3
Valoración psicolóxica	6	2	12	14	4	4	3	45
Valoración psicosocial	4	0	0	0	0	0	5	9
Valoración psiquiátrica	4	0	0	2	4	0	14	24
Valoración social	0	0	0	2	0	0	1	3
Outros	1	0	0	0	3	0	0	4
Total	355	113	273	248	244	252	253	1.738

A pericia solicitada polas **fiscalías de área concéntrase na valoración psiquiátrica**, que supón o **62,5 %**, mentres que a **Fiscalía de menores** solicita maioritariamente a **valoración do dano corporal** das lesións, o que supón un **22,7 %** do total das pericias solicitadas.



Asistencia a xuízo oral

Algunhas das actuacións periciais requiren a comparecencia en xuízo oral dos peritos.

No 2025, recibíronse **2.494** citacións para comparecer a xuízo oral. O **63 %** (1.572) foron para médicos forenses e o resto (**922**) para membros dos equipos psicosociais. Destes últimos, o **21,5 %** recibíronas psicólogos e o **15,5 %** restante os traballadores sociais.

A distribución das citacións por tipo de perito e subdirección amósase neste cadro:

TIPO DE PERITO	SUBDIRECCIÓN							
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Totais
Médico forense	211	99	166	133	298	260	405	1.572
Psicólogo	138	41	38	25	160	67	66	535
Traballador social	118	26	11	13	106	72	41	387
Total subdirección	467	166	215	171	564	399	512	2.494

Actividade de garda


Os médicos forenses son os únicos profesionais do Imelga que prestan servizo de garda, durante unha semana 24 horas/7 días, cunha resposta inmediata, ao servizo das seccións de instrución de cada Tribunal de Instancia de Galicia.

As actuacións de **garda do servizo de clínica** tiveron a seguinte distribución por tipo de pericia e subdirección ao longo do ano 2025:

TIPO DE ACTUACIÓN	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	TOTAIS
Agresión sexual	64	5	22	40	35	35	75	276
Determinación de idade	2	0	0	0	2	0	0	4
Interconsulta de dano corporal	4	1	2	1	0	0	4	12
Outros	5	0	4	3	2	7	1	22
Recollida de mostras	7	0	0	0	3	9	6	25
Valoración de capacidade psicofísica	1	2	0	3	4	20	10	40
Valoración de dano corporal	247	85	49	61	78	112	165	797
Valoración de violencia de xénero	1	1	1	0	0	1	0	4
Valoración psiquiátrica	286	138	60	372	573	239	577	2.245
TOTAIS por SUBDIRECCIÓN	617	232	138	480	697	423	838	3.425



Realizáronse **1.525 levantamentos de cadáver** que se distribúen por subdirección como se amosa neste gráfico:



Polo tanto, ao longo deste ano fixéronse un total de **4.950 actuacións de garda**, das cales **1.801** esixiron o desprazamento fóra de sede dos médicos forenses ata o lugar dos feitos, como no caso dos levantamentos de cadáver ou para realizar a asistencia ás vítimas de violencia sexual.

Dixitalización e novas tecnoloxías

No Imelga, como órgano técnico ao servizo desta Administración, e continuando co traballo iniciado no 2024, acometemos as seguintes actuacións:

- **Xeorreferenciación de datos de submersións** para a identificación de casos no **plan SAPRAGA**.
- Inicio dos **pilotos de textualización** cos escribas dixitais no ámbito das entrevistas psicosociais, valoración integral de violencia de xénero e probas preconstituídas nas subdireccións de Santiago de Compostela, Vigo e Ourense.
- Desenvolvemento dun espazo propio do Imelga no dominio **XUSTIZA.GAL**
- Obtención da Certificación ENS en categoría alta de seguridade dos nosos datos recollidos no sistema operativo SIMELGA.
- Desenvolvemento e implantación do **modelo de informe de internamentos involuntarios** destinado a axilizar a prestación deste servizo con gran volume de traballo en todas as subdireccións tal e como se comentou no apartado do servizo de clínica.



- Inicio do **acceso ao Visor EXE** no mes de setembro, con dúas sesións de formación para os peritos do Imelga. Este acceso vén a axilizar o acceso á documentación para responder as periciais solicitadas polos órganos xudiciais.
- Acceso dos subdirectores a **MORFEO**, sistema de xestión de persoal alleo a xustiza.
- Comezo do desenvolvemento do **módulo exames complementarios** coa finalidade de dixitalizar a relación cos nosos laboratorios de referencia e recoller no sistema para a súa explotación as solicitudes e resultados, mantendo control sobre a cadea de custodia das nosas mostras.
- **Formación en dixitalización:** a través da plataforma de Implantación AXE sobre portasinaturas, correo y cartafolios compartidos.

Colaboracións interinstitucionais

Axencia Galega de Emerxencias (Axega):

- Participación no **simulacro de accidente aéreo no aeroporto de ALVEDRO de A Coruña o 7 de novembro do 2025.**



Actividade docente e de investigación científica

Dentro das funcións dos institutos de medicina legal encóntrase a investigación científica, a colaboración na formación de profesionais doutras entidades e a propia formación continuada do persoal da nosa institución.

Esta actividade é coordinada pola Comisión de Formación e Investigación.

A continuación resúmese a súa actividade durante este ano:

Xornada formativa sobre *O traballo social* no IMELGA, celebrada o 20 de maio 2025 na Escola Universitaria de Traballo social da USC.

XXI Jornada de la Asociación Nacional de Médicos Forenses. *Sucesos de víctimas múltiples.* Actuación segundo protocolo nacional, celebrada en Santander o 29 e 30 de maio do 2025.

Intervención no curso de criminalística da USC o 13 e 14 de outubro do 2025 como poñentes de *La investigación científica y policial de los casos de homicidio y asesinato*, con dúas intervencións: 'El manejo del escenario de la muerte y la autopsia médico legal', a cargo de María Ferreiro Rouco, médico forense da subdirección territorial de Lugo; e 'La pericia psiquiátrico forense en homicidios y asesinatos', a cargo de Paula Vila González, médico forense e especialista en psiquiatría da subdirección territorial.

IV Foro Xuntos Fronte os Abusos, celebrado en Santiago de Compostela o 7 de abril do 2025 coa intervención: 'Unidades de valoración forense integral (UVFIs)', a cargo de Tamara Méndez, médico forense coordinadora das UVFIs do IMELGA, e Cristina González, psicóloga do IMELGA

Colaboración docente:

Centros de formación profesional. Recibimos alumnos de prácticas do ciclo superior de Anatomía Patolóxica, **a través do convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo:**

- acordo de colaboración entre o CIFP Ánxel Casal-Monte Alto (A Coruña) e o Imelga para a consecución do proxecto de formación do profesorado de Formación Profesional *Autopsias clínicas e xurídicas*.

Continuamos a colaboración dos anos anteriores cos seguintes centros docentes:

- **CIFP Ánxel Casal-Montealto**, na subdirección da Coruña.
- **IES Montecelo**, na subdirección de Pontevedra.
- **CIFP Manuel Antonio**, na subdirección de Vigo.



Asinamos novos convenios no 2025 cos seguintes centros docentes:

- IES Lamas de Abade, na subdirección de Santiago de Compostela.
- CRP Fesán, na subdirección de Santiago de Compostela.
- CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel na subdirección de Ourense.

En virtude dos **convenios de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela** no curso 2025-2026

- **Facultade de Medicina:** recibimos 8 alumnos/as de prácticas entre os meses de xullo e agosto.
- **Escola Universitaria de Traballo social:** recibimos 3 alumnas de prácticas curriculares de febreiro ao mes de maio.

Formación continuada da EGAP:

- Metodoloxía da investigación na pericia médico forense. Dirección M^a Ángeles Romero.
- Intervención médico forense na prevención do suicidio. Dirección Julio Jiménez
- Valoración de dano corporal. Análise de casos complexos. Dirección Juan Fontán.

Formación continuada do Centro de Estudos Jurídicos (CEJ):

No marco do Convenio de colaboración coa nosa comunidade autónoma, que ten transferidas as competencias en materia de Xustiza, os médicos forenses puideron participar nos seguintes cursos:

- 'Comunicación en situaciones complejas. Comunicación de malas noticias y su aplicación en el ámbito forense'. 20 e 21 de marzo. Presencial.
- 'Herramientas actuales para la búsqueda de información y el tratamiento de datos en la actividad médico-forense'. 24 e 25 de abril. En liña.
- 'La protección de datos en la actuación profesional de médicos forenses'. 8 e 9 de maio. En liña.
- 'Actualización en la atención y valoración pericial de víctimas de violencia sexual'. 12 e 13 de xuño. En liña.
- 'Herramientas para el desarrollo eficaz del trabajo en equipo y la comunicación en los servicios, secciones y unidades de los IMLCF'. 6 e 7 de outubro. Presencial.
- 'Investigación multidisciplinar de los homicidios en casos de víctimas vulnerables'. 6 e 7 de outubro. Presencial.
- 'Los laboratorios de antropología forense en España'. Presente y futuro. 9 e 10 de outubro. En liña.
- 'Actualización en enfermedad de alzheimer y otras demencias. Aplicación a la valoración médico-forense de las medidas de apoyo a personas con discapacidad'. 16 e 17 de outubro. Presencial
- 'Responsabilidad profesional en el ejercicio de la medicina legal y forense. Recomendaciones de buenas prácticas'. 20 e 21 de outubro. En liña.



Asistencia a congresos:

- VIII Congreso nacional Sociedad Española de Patología Forense (SEPAF): 'Patología forense en edad pediátrica y adolescencia'.
- 11th Congreso da Association for European Cardiovascular Pathology, celebrado en Londres, Reino Unido, do 16 ao 17 de outubro 2025, coa presentación da comunicación oral: 'The role of the legal medicine in the cardiovascular congenital malformations: An agenesis lung case'. Estela Villanueva Linares e Noemi Morte Tamayo.
- Psiquiatría Forense, outubro do 2025, Cádiz.
- I Jornada científica de medicina digital, celebrada en Pontevedra o 12 e 13 de decembro.

Outras reunións:

- **Asistencia ao DATAFORUM León.** Outubro 2025.
- **Asistencia ao CIBERGAL.** Novembro 2025.
- **Reunións do comité asesor do Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA)**, celebradas o 26 de maio de 2025 e o 21 de outubro do 2025.
- **12ª sesión do Pleno do Consello Médico Forense**, en liña ao de 2025.
- **XXI reunión da Comisión Técnica Nacional para Sucesos con Víctimas Múltiples**, celebrada en Madrid o 18 de decembro de 2025.
- **Pleno ordinario da Comisión Galega de Protección Civil**, celebrado na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) o 17 de decembro de 2025.

